



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR PRAZAS DE PERSOAL LABORAL CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021 (SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN), EXPDTE. 2022/E001/000014

FASE DE CONCURSO. VALORACIÓN DE MÉRITOS.

En Ordes, a 19 de marzo de 2024, sendo as once horas reúnese na Sala de Xuntas, 3º andar, Casa Consistorial, Ordes, o Tribunal que ha de xulgar os **PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR PRAZAS DE PERSOAL LABORAL CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021 (SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN)**, convocados por resolución de alcaldía nº 1571/2022, de data 19 de decembro de 2022.

Asisten:

- . **Presidente:** Mónica Iglesias Prego, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **2º Vogal:** Andrés Luis Blanco Villares, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Técnica.
- . **3º Vogal:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional
- . **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente ao exame das reclamacións presentadas contra a baremación provisional dos méritos alegados na Fase de concurso, que son as seguintes:

* Reclamación presentada por **JAIME VEIGA NOYA**, con DNI nº ***1757**, data 29/02/2024, rexistro de entrada nº 202499900000578. Solicita a valoración como méritos, formación complementaria, do título de Técnico superior en actividades físico deportivas, curso DESA e curso de socorrismo, que foron aportados xunto coa súa solicitude de participación neste proceso selectivo.

- O título de Técnico superior en animación de actividades físico e deportivas non pode considerarse como unha acción formativa, formación académica/complementaria (Cursos), se non que ten a consideración de titulación académica oficial, polo que non pode ser obxecto de valoración neste epígrafe do Anexo II, das Bases reguladoras deste proceso selectivo.
- O título de curso de socorrismo, realizado durante o 07/06/1999 e 11/08/1999, horas 240, impartido pola Cruz Vermella, ten a consideración de formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en instalacións acuáticas, de acordo coa disposición transitoria única do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, polo que non pode ser obxecto de valoración neste epígrafe do Anexo II, das Bases reguladoras deste proceso selectivo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- O curso de Desfibrilación semiautomática para persoal non médico, impartido pola Cruz Vermella, non pode ser obxecto de valoración como unha acción formativa, formación académica/complementaria (Cursos), por que de acordo coa Base 6ª reguladora deste proceso selectivo só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas homologadas impartidas pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), demais administración públicas, universidades públicas, colexios profesionais, sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap), que estean directamente relacionados coas funcións e competencias profesionais propias da praza á que se opta.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada.

Vista a resposta do Tribunal á reclamación presentada, acorda elevar a definitivas as valoracións provisionais dos méritos dos aspirantes que concorre a esta convocatoria, que son as seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL E ANTIGÜIDADE	FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA	PUNTUACIÓN TOTAL (*)
FERNANDEZ CANDAL, LUCIA	***3604**	6,75	25,00	31,75
DOSIL CARPINTERO, JAVIER	***2284**	5,10	25,00	30,10
EIRAS LUEIRO, LEANDRO	***4014**	28,30	1,50	29,80
GALLEGO FERNANDEZ, RUBÉN	***8217**	5,25	21,00	26,25
RAÑA FUENTES, NATALIA	***1108**	21,58	0,00	21,58
VEIGA NOYA, JAIME	***1757**	15,54	0,00	15,54
MARTINEZ SANCHEZ, DAMIÁN	***0672**	15,29	0,00	15,29

Polo tribunal acórdase publicar a baremación definitiva da Fase de concurso na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello, con indicación da puntuación obtida por cada un dos aspirantes.

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección elevando a definitiva a baremación da Fase de concurso, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

Polo Tribunal acórdase convocar aos aspirantes á celebración da proba de coñecementos (Preguntas tipo test), Fase de oposición, que terá lugar o día 26 de marzo de 2024, ás 10:00 horas, Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as once horas e quince minutos do día ao principio sinalado.

A Presidenta
Mónica Iglesias Prego
(asinado dixitalmente)

O Secretario
Juan Luis González Iglesias